



**RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA A NECESIDADE DE OCUPACIÓN DUN BEN NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS NA CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN “CASALONGA” NÚM. 6996, NO TERMO MUNICIPAL DE TEO DA PROVINCIA DA CORUÑA.**

Examinado o expediente IN334A 2020/01-1 relativo á solicitude de inicio do procedemento expropiatorio relativo á concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996 a instancia da mercantil titular Toca y Salgado S.L., resultan os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.** Mediante a Resolución do 7 de xaneiro de 2002 da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, outorgouse a concesión de explotación de recursos da sección C) “Casalonga” núm. 6996, de catro cuadrículas mineiras, no termo municipal de Teo, para a extracción de áridos, por reclasificación do recurso da preexistente autorización de aproveitamento de recursos da sección A) “Casalonga” núm. 69, a favor de Camilo Carballal S.L, por unha vixencia de 30 anos prorrogables por períodos iguais ata un máximo de 90 anos.

**Segundo.** Mediante Auto do 19/02/2013 do Xulgado Mercantil nº 2 da Coruña, declarouse en situación legal de concurso voluntario á mercantil Camilo Carballal S.L., e finalmente, o 01/09/2017 o Xulgado Mercantil nº 2 da Coruña decretou a adxudicación do dereito mineiro “Casalonga” núm. 6996 a favor de Toca y Salgado, S.L. na fase de liquidación da concursada.

**Terceiro.** Mediante a Resolución do 22 de marzo de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, autorizouse a transmisión do dereito mineiro “Casalonga” núm. 6996 a favor da sociedade Toca y Salgado, S.L. (en adiante Toysal).

**Cuarto.** O 28/02/2020 Toysal, como titular da concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996, presentou na Xefatura Territorial da Coruña a solicitude para que “se proceda a la expropiación de los 10.544 m<sup>2</sup> comprendidos entre los puntos kilométricos 6+400 y 7+600 de la estrada pública 0205 que fueron permutadas por la Diputación de Coruña a la mercantil CAMILO CARBALLAL, S.L. por acuerdo plenario de 30 de marzo de 2006 y, que actualmente es propiedad de Don Manuel Carballal Pazos (...)”.

Xunto coa solicitude presentouse 5 documentos e un escrito no que explica as razóns da súa petición, que se detallarán nas consideracións legais e técnicas, e que poden resumirse no parágrafo que ten o seguinte teor literal: “El ayuntamiento ha pasado a considerar de su propiedad aquella carretera de la Diputación, al punto de que ha procedido a quitar las señales que identificaban que estaba prohibido el paso excepto para la cantera y, a la par, ha procedido a poner señales de limitación de peso a 4,5 Tn que impiden el tránsito y acceso a la explotación de cualquier maquinaria. Además ha dado orden a la policía local de que intensifiquen hasta el extremo la vigilancia para que ningún vehículo pesado pueda acceder a la cantera”.

**Quinto.** O 06/08/2020 Toysal presentou na Xefatura Territorial da Coruña solicitude para que “se agilice en la medida de lo posible la tramitación de la expropiación de aquella finca”, xunto coa relación de bens e dereitos e un contrato de acordo expropiatorio entre Manuel Carballal Pazos e Víctor Toca Achurra, en representación de Toysal, asinado o 28/07/2020.

**Sexto.** O 20/11/2020 Toysal presentou na Xefatura Territorial da Coruña o xustificante de ter pagado as taxas correspondentes ao procedemento expropiatorio.





**Sétimo.** Mediante Acordo do 18 de novembro de 2020 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña someteuse a información pública a solicitude de expropiación forzosa relacionada coa concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996, no termo municipal de Teo (A Coruña), en cumprimento do disposto na Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e no seu Regulamento, do 26 de abril de 1957, de conformidade co artigo 105 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e co artigo 131 do Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería e, demais normas vixentes de aplicación.

O dito Acordo foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* nº 201 do 25/11/2020, no *Diario Oficial de Galicia* nº 242 do 01/12/2020 e na edición de Santiago de *La Voz de Galicia* do 01/12/2020.

Así mesmo, o dito Acordo permaneceu exposto ao público no taboleiro de edictos do Concello de Teo dende o día 02/12/2020 ata o 23/12/2020, ambos dous incluídos, segundo consta na dilixencia do 04/01/2021 do secretario accidental do Concello de Teo que foi remitida polo alcalde o 05/01/2021 á Xefatura Territorial da Coruña.

O 07/12/2020 dende a Xefatura Territorial da Coruña realizouse a notificación individual a Manuel Carballal Pazos, sen que conste a presentación de alegacións pola súa parte.

**Oitavo.** Durante o trámite de información pública recibíronse na Xefatura Territorial da Coruña as seguintes alegacións e que serán obxecto de análise nas consideracións legais e técnicas: do Concello de Teo o 17/12/2020; de Plataforma Casalonga Limpa de Residuos o 14/12/2020; e de varios veciños de Teo a título individual o 14/12/2020 e o 17/12/2020.

**Noveno.** O 01/02/2021 dende a Xefatura Territorial da Coruña remitíronse as alegacións presentadas a Toysal para que, nun prazo de 15 días, puidese alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes consonte o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Esta notificación foi recepcionada polo interesado o 11/02/2021.

**Décimo.** Á vista do contido das alegacións presentadas polo Concello de Teo, o 08/02/2021 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña remitiu ao Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural consulta para o procedemento de expropiación na concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996, concretamente solicitouse informe sobre se efectivamente o tramo de pista do que se solicita a expropiación foi obxecto de concentración parcelaria e, en caso afirmativo, si se lle entregou ao Concello de Teo.

**Undécimo.** O 22/02/2021 ten entrada na Xefatura Territorial da Coruña o informe solicitado do Servizo de Infraestruturas Agrarias.

**Décimo segundo.** O 23/02/2021 Toysal presenta ante a Xefatura Territorial da Coruña, dentro do prazo establecido ao efecto, a resposta ás alegacións presentadas durante o período de información pública.

**Décimo terceiro.** O 03/03/2021 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña remitiu á Deputación Provincial da Coruña consulta para o procedemento de expropiación na concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996, concretamente solicitouse informe sobre se a representación





planimétrica da finca a expropiar, que xunta Toysal na súa resposta ás alegacións, coincide co tramo do antigo trazado da DP 0205 permutado no seu día a favor de Camilo Carballal S.L.

**Décimo cuarto.** O 16/04/2021 ten entrada na Xefatura Territorial da Coruña o informe solicitado do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña.

**Décimo quinto.** O 06/05/2021 persoal dos servizos técnicos da Xefatura Territorial da Coruña emite informe favorable para declarar a necesidade de ocupación do ben que se describe a continuación a favor de Toysal como titular da concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996.

- Franxa do antigo trazado da DP 0205 de Bertamiráns á Ramallosa, situada no Concello de Teo, que foi desafectada e permutada pola Deputación Provincial da Coruña á mercantil Camilo Carballal SL por acordo plenario do 30 de marzo de 2006, segundo a representación do plano de febreiro de 2021 de “Límites do tramo sobre o que se solicita a expropiación parcelario”, cuxo actual titular é Manuel Carballal Pazos por contrato de compra venda do 20/07/2007.

**Décimo sexto.** O 13/05/2021 a Área Xurídica da Xefatura Territorial da Coruña emite informe en resposta á consulta realizada polo xefe territorial sobre os seguintes aspectos: competencia para declarar a necesidade de ocupación, titularidade privada do tramo de pista obxecto de expropiación e necesidade de informe de Asesoría Xurídica previo á resolución que declare a necesidade de ocupación.

**Décimo sétimo.** Unha vez instruído o expediente e considerando cumpridos os requisitos establecidos na Lei de minas, no Regulamento xeral para o réxime da minería, na Lei de expropiación forzosa e no Regulamento da Lei de expropiación forzosa para declarar a necesidade de ocupación do ben descrito no antecedente de feito décimo quinto, o 20/05/2021 a Xefatura Territorial da Coruña deu traslado do correspondente expediente completo á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, para os efectos da resolución sobre a necesidade de ocupación, previo informe da Asesoría Xurídica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

**Décimo oitavo.** O 05/07/2021 o asesor xurídico de Enerxía, Recursos Naturais, Comercio e Consumo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación emite “Ditame xurídico sobre o acordo da necesidade de ocupación previa ao procedemento expropiatorio na concesión de explotación Casalonga nº 6996, no Concello de Teo (A Coruña)”, que foi solicitado o 14/06/2021 pola Subdirección Xeral de Recursos Minerais consonte o artigo 19.2 do Regulamento da Lei de expropiación forzosa.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeira.-** Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, o órgano mineiro competente é a persoa titular da consellería competente en materia de minas da Comunidade Autónoma de Galicia, e correspóndelle outorgar os dereitos mineiros, autorizar as súas modificacións, transmisións, renovacións e prórrogas, declarar a súa caducidade, así como realizar a convocatoria e a resolución dos concursos para a adxudicación de terreos non rexistrables, competencia delegada na persoa titular da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de acordo co artigo 2 da Orde do 24 de xuño de 2021





sobre a delegación de competencias en diversos órganos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía Empresa e Innovación (DOG núm. 127, de 06/07/2021). Así mesmo, tendo en consideración o disposto no artigo 39 do Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (DOG núm. 5, do 11.01.2021), corresponde ás Xefaturas Territoriais a instrución dos procedementos e a elaboración das propostas de resolución de outorgamento dos dereitos mineiros, autorización das súas modificacións, transmisións, renovacións ou prórrogas, declaración de caducidade e autorización de plans de restauración.

**Segunda.-** Na resolución deste expediente administrativo resulta necesario ter presente o disposto no artigo 2 e no artigo 105 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas (en adiante LM) que establece:

“Artigo 2

1. Todos os xacementos de orixe natural e demais recursos xeolóxicos existentes no territorio nacional, mar territorial e plataforma continental, son bens de dominio público, cuxa investigación e aproveitamento o Estado poderá asumir directamente ou ceder na forma e condicións que se establecen na presente Lei e demais disposicións vixentes en cada caso.

(...)”

“Artigo 105

1. O titular legal dunha concesión de explotación, así como o adxudicatario dunha zona de reserva definitiva, terán dereito á expropiación forzosa ou ocupación temporal dos terreos que sexan necesarios para o emprazamento dos traballos, instalacións e servizos.

2. O outorgamento dunha concesión de explotación e a declaración dunha zona de reserva definitiva levarán implícita a declaración de utilidade pública, así como a inclusión das mesmas no suposto do apartado dous do artigo cento oito da Lei de expropiación forzosa”.

E no tocante ao procedemento para a declaración da necesidade de ocupación, cómpre indicar o disposto no artigo 107.1 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas que establece:

“A tramitación dos expedientes de ocupación temporal e outros danos e de expropiación forzosa aos que se refire este título, levará a cabo conforme ás disposicións da Lei de expropiación forzosa en todo o non previsto na presente Lei e o seu Regulamento.”

**Terceira.-** Por outra banda, segundo o disposto no artigo 21.1 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia:

“Naqueles casos en que a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, ou norma que a substitúa, declara implícita a utilidade pública no outorgamento do dereito mineiro, a persoa promotora do mesmo poderá solicitar a declaración da necesidade de ocupación dos bens ou dereitos que sexan indispensables para o inicio do proxecto, sen o prexuízo da posibilidade de futuros expedientes expropiatorios para o desenvolvemento da totalidade do proxecto”.

**Cuarta.-** En canto á Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (en adiante LEF) no seu artigo 1 recolle que o obxecto da mesma é a expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social.

No artigo 2.2 establece que “Ademais poderán ser beneficiarios da expropiación forzosa por causa de utilidade pública as entidades e concesionarios aos que se recoñeza legalmente esta condición”.





Os artigos 3 e 4 definen os interesados no expediente expropiatorio do seguinte xeito:

“Artigo terceiro.

1. As actuacións do expediente expropiatorio entenderanse, en primeiro lugar, co propietario da cousa ou titular do dereito obxecto da expropiación.
2. Salvo proba en contrario, a Administración expropiadora considerará propietario ou titular a quen con este carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade, que só pode ser destruída xudicialmente, ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistro fiscais, ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

Artigo cuarto.

1. Sempre que o soliciten, acreditando a súa condición debidamente, entenderanse tamén as dilixencias cos titulares de dereitos reais e intereses económicos directos sobre a cousa expropiable, así como cos arrendatarios cando se trate de inmobles rústicos ou urbanos. Neste último caso iniciarase para cada un dos arrendatarios o respectivo expediente incidental para fixar a indemnización que poida corresponderlle.
2. Se dos rexistros que menciona o artigo terceiro resultase a existencia dos titulares a que se refire o parágrafo anterior, será preceptiva a súa citación no expediente de expropiación.”

No artigo 9 establece que “Para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado”.

No artigo 15 dispónse que “Declarada a utilidade pública ou o interese social, a Administración resolverá sobre a necesidade concreta de ocupar os bens ou adquirir os dereitos que sexan estritamente indispensables para o fin da expropiación”.

Así mesmo, cómpre indicar que nos seguintes artigos 17, 18, 19, 20 e 21 establece a tramitación para a declaración da necesidade de ocupación:

“Artigo dezasete.

1. Para os efectos do artigo quince, o beneficiario da expropiación estará obrigado a formular unha relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. (...)

Artigo dezaioito.

1. Recibida a relación sinalada no artigo anterior, o Gobernador civil abrirá información pública durante un prazo de quince días.
2. Cando se trate de expropiacións realizadas polo Estado, a dita relación haberá de publicarse no *Boletín Oficial do Estado* e no da provincia respectiva e nun dos diarios de maior circulación da provincia, se o houber, comunicándose ademais aos Concellos en cuxo termo radique a cousa para expropiar para que a fixen no taboleiro de anuncios.

Artigo dezanove.

1. Calquera persoa poderá achegar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persegue. (...)

Artigo vinte.





Á vista das alegacións formuladas por quen compareza na información pública, o Gobernador civil, previas as comprobacións que estime oportunas, resolverá, no prazo máximo de vinte días, sobre a necesidade da ocupación, describindo na resolución detalladamente os bens e dereitos a que afecta a expropiación, e designando nominalmente aos interesados cos que haxan de entenderse os sucesivos trámites. Só terán a condición de interesados para estes efectos as persoas definidas nos artigos terceiro e cuarto.

Artigo vinte e un.

1. O acordo de necesidade de ocupación inicia o expediente expropiatorio.
2. O devandito acordo publicarase en igual forma que a prevista no artigo dezaoito para o acto polo que se ordene a apertura da información pública.
3. Ademais haberá de notificarse individualmente a cantas persoas aparezan como interesadas no procedemento expropiatorio, aínda que na exclusiva parte que poida afectalas”.

**Quinta.** A LEF desenvólvese no Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa (en adiante RLEF), do que se transcribe a continuación o seu artigo 19 por ser o que introduce novidades con respecto ao indicado da LEF.

“Artigo 19.

1. Ao finalizar o prazo de alegacións, abrírase outro de vinte días no que se cumpriran os seguintes trámites:
  - a) Exame e cualificación dos fundamentos da oposición á necesidade da ocupación dos bens ou dereitos afectados pola relación feita pública.
  - b) Rectificación e complemento dos datos que, sobre a titularidade dos bens ou dereitos, e as súas características materiais ou legais, procedese como resultado das alegacións dos particulares comparecentes.
  - c) Incorporación ao expediente, cando houber lugar, de certificacións ou outros documentos de comprobación que, para o efecto, esténdense polos Rexistros da Propiedade, Fiscais ou outras dependencias públicas.
2. Cumpridos os trámites a que se refire o parágrafo anterior, e dentro do prazo fixado no mesmo, resolverase, previo informe da Avogacía do Estado, sobre a necesidade da ocupación, debendo relacionarse detalladamente no acordo os bens e dereitos afectados, así como os titulares dos mesmos cos que haxan de entenderse os sucesivos trámites do expediente.
3. A condición de interesados, só se recoñecerá ás persoas definidas nos artigos 3 e 4 da Lei e 6 e 7 deste Regulamento. (...)”

**Sexta.** Segundo as anteriores consideracións legais, e tal e como se argumenta no informe emitido o 06/05/2021 por persoal dos servizos técnicos da Xefatura Territorial da Coruña, tendo en conta que estamos ante un ben de dominio público (artigo 2.1 LM), no expediente expropiatorio que nos ocupa a condición de beneficiario de Toysal estaría recoñecida no artigo 105 da LM; por ser titular da concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996 por Resolución de transmisión do dereito mineiro de data 22/03/2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria; e a declaración de utilidade pública está implícita na Resolución do 07/01/2002, da Dirección de Industria, Enerxía e Minas, pola que se outorgou a concesión de explotación (artigo 105.2 da LM), polo que a continuación procede resolver sobre a necesidade concreta de ocupar o ben descrito na solicitude de expropiación formulada o 28/02/2020.

**Sétima.** En canto a solicitude de expropiación formulada pola mercantil Toysal, como titular da concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996, o 28/02/2020 presentou solicitude para que “se proceda a la expropiación de los 10.544 m2 comprendidos entre los puntos kilométricos 6+400 y 7+600 de la estrada pública 0205 que fueron permutadas por la Diputación de Coruña a la mercantil CAMILO





CARBALLAL, S.L. por acuerdo plenario de 30 de marzo de 2006 y, que actualmente es propiedad de Don Manuel Carballal Pazos (...)

Coa dita solicitude presentou un escrito no que explica as razóns da súa petición, xunto cos seguintes 5 documentos:

- **Documento 1** - Certificado do 07/03/2019 do Secretario Xeral da Excm. Deputación Provincial da Coruña no que recolle que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o 30/03/2006 aprobou permutar con Camilo Carballal S.L. a parcela sobrante resultado da modificación de trazado da DP 0205, de Bertamiráns á Ramallosa como consecuencia do cambio de trazado que supuxo a execución das obras comprendidas no proxecto da DP 0205 de Bertamiráns á Ramallosa, variante Cantera, código 02.1110.0007.0, polas achegas de terreos por un total de 10.098,41 m<sup>2</sup> (dos cales 1.694 m<sup>2</sup>, foron cedidos para o ensanche da DP 0205 no tramo que os ocupa e os restantes 8.404,41 m<sup>2</sup>, foron cedidos para a execución da variante), e materiais (202,53 m<sup>3</sup> de lastro e 202,50 m<sup>3</sup> de grava) realizadas pola dita entidade mercantil, que se valora en 27.540,98 euros. O tramo permutado ten unha extensión de 10.544 m<sup>2</sup>, cuxa valoración se fixa en 25.305,60 euros.
- **Documento 2** - Informe da xefa de sección de Topografía, do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Medio Rural, no que, con referencia á estrada DP 0205 da Deputación Provincial da Coruña, na concentración parcelaria de Calo II (Teo, A Coruña), indica “que executada a rede de camiños no proceso de concentración a titularidade dos mesmos transferirase, mediante entrega formal, aos concellos. A administración Pública que reciba os camiños comprometerase á consignar nos seus orzamentos os recursos necesarios para a súa conservación”, así mesmo tamén recolle que “a rede de camiños comprende só as pistas de nova apertura, os camiños e estradas existentes antes do proceso de concentración seguen sendo dos seus antigos propietarios”.
- **Documento 3** - Escrito do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación da Coruña no que se indica o seguinte:

“1.- Titularidade da vía. Na data de expedición do presente informe a estrada DP 0205 de Bertamiráns á Ramallosa é unha vía pública de titularidade provincial que percorre os concellos de Ames e Teo.

2.- Desafectación e permuta. Por acordo do Pleno da Deputación da Coruña de 30/03/2006 se desafectou e permutou o tramo abranguido entre os puntos quilométricos 6,480 e 7,660 como consecuencia do cambio de trazado da estrada pola execución por esta Administración da obra coñecida como variante da canteira. Na súa virtude, a mercantil Camilo Carballal SL adquiriu o citado tramo como parcela sobrante, a cambio da cesión de solo e materiais á deputación para a execución do novo trazado.

Dende 30/03/2006, o tramo desafectado e cedido a Camilo Carballal SL deixou de ser un ben de titularidade provincial.

3.- Competencias do concello sobre vías públicas. Remitímonos ao disposto no Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, que outorga competencias aos concellos sobre vías urbanas, independentemente de quen sexa o seu titular. Concretamente o seu artigo 7 dispón o seguinte (...)”
- **Documento 4** - Escrito no que Toysal solicita ao Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña (encargado do procedemento concursal de Camilo Carballal S.L.) que proceda á venda do ben da concursada correspondente ao tramo da antiga estrada que lle foi permutado pola Deputación Provincial da Coruña.





Resposta do Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña no que se da traslado dun contrato de compra venta do 20/07/2007 entre Ramón Carballal Pazos, en representación de Camilo Carballal S.L., e Manuel Carballal Pazos, no que o segundo compra ao primeiro por 25.305,60 euros a finca descrita como “terreno entre los puntos kilométricos 6,480 a 7,660 de la E.P 0205 de Bertamiráns a la Ramallosa, como consecuencia del cambio de trazado de las obras de la E.P 0205 de Bertamiráns. Variante Cantera código 02.1110.0007.0. Tramo que tiene una extensión de 10.544 m<sup>2</sup>”.

- **Documento 5** - Resolución do 12/02/2020, da Subdelegación do Goberno na Coruña, pola que se denega a empresa Ilunion Seguridad S.A. a autorización para o establecemento dun servizo de vixilancia e protección en vías ou espazos públicos, concreto nos vias que atravesan a antiga Canteira Carballal, sita no lugar de Casalonga-Calo-Teo (A Coruña), ao non estar o servizo solicitado en ningún dos supostos contemplados no apartado 2 do artigo 41 da Lei de Seguridade Privada, indicando que o citado servizo poderá realizarse sen necesidade de autorización previa, de conformidade co artigo 41.1 da Lei antes citada.

Posteriormente, o 06/08/2020 Toysal presentou solicitude para que “se agilice en la medida de lo posible la tramitación de la expropiación de aquella finca”, xunto coa descrición do ben afectado e o contrato de acordo expropiatorio asinado o 28/07/2020 entre Manuel Carballal Pazos e Víctor Toca Achurra, en representación de Toysal, no que se recollen entre outras as seguinte cláusulas:

“1ª).- El primer compareciente, Don Manuel CARBALLAL PAZOS, manifiesta su conformidad con el procedimiento expropiatorio incoado por la mercantil TOCA SALGADO, S.L.

2ª).- El precio de la expropiación, en el que ambas partes están conformes es el de OCHENTA MIL EUROS (80.000 €). (...)

5ª).- Desde la firma del presente contrato, Don Manuel CARBALLAL PAZOS cede en exclusiva a la empresa TOCA SALGADO, S.L. la posesión efectiva de dicha finca. (...).”

**Oitava.** No tocante ao ben afecto á Declaración, o informe emitido o 06/05/2021 por persoal dos servizos técnicos da Xefatura Territorial da Coruña, xustifica do seguinte xeito a necesidade de ocupación:

“O documento “Proxecto de explotación, estudio de impacto ambiental e plan de restauración de dúas cuadrículas mineiras denominadas Casalonga II nº 6996”, de xuño de 1998, contén o proxecto de explotación aprobado para a concesión de explotación “Casalonga” nº 6996, é o que foi avaliado pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para a emisión da DIA do 09/01/2001 (modificada o 03/04/2001) que constitúe condición especial da Resolución do 07/01/2002, da Dirección de Industria, Enerxía e Minas, pola que se outorga a dita concesión de explotación.

Neste proxecto de explotación aprobado recollese que o método de explotación empregado será con bancos de 11 m de altura máxima, barrenando con tren de perforación sobre os bancos e emprego de explosivos. O material cargarase con pala e transportarase con dumpers á planta de tratamento para a súa posterior venda como árido.

O proxecto ademais contempla que, cando sexa posible, extraeranse bloques de granito nas fronteiras máis compactas realizando unha explotación para granito ornamental. O escombro e o material sobrante (aproximadamente o 60%) destinarase á produción de áridos.

Neste proxecto literalmente recollíase que “se está a la espera de variar la carretera de Casalonga a Teo hacia el sur, en conjunción con la Diputación de La Coruña (esta carretera separa la explotación de la planta de tratamiento), estas obras no afectarán a la marcha de los trabajos de explotación. (...) el acceso a la explotación se realiza a través de la carretera que va de Casalonga a Quintáns y Ramallosa en el PK 1”.







Existe un sistema de cunetas que drenan as plataformas de traballo, as pistas e as bermas. A auga de escorrega recollese polo sistema de cunetas.

Existen dúas balsas de decantación na zona de tratamento construídas en formigón que serven para a limpeza da auga empregada no lavado dos áridos.

No plano nº 5 do proxecto de explotación represéntanse a zona de canteira e zona de instalacións, onde se encontran situadas as balsas de decantación e as antigas instalacións de tratamento. (...)

A zona de instalacións correspondese coa actual parcela 825 do polígono 514 do Concello de Teo denominada Agro do Monte e a zona de canteira correspondese coa actual parcela 1040 do polígono 514 denominada Agro Novo, ambas titularidade de Toysal. Entre estas dúas parcelas discorre o tramo de pista obxecto da expropiación (...) que unifica e da continuidade ao proxecto de explotación aprobado, sendo ademais a forma lóxica, menos molesta e mais directa, de acceso á explotación.

Xa no informe do 19/11/2018 dos servizos técnicos da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria, correspondente á visita realizada o 23/10/2018, recollese o seguinte sobre os accesos á explotación: “Á concesión de explotación accedese polo Sur dende a estrada DP-0205. A pista pola que se accede divide a explotación en dúas partes, na beira este encontrase a zona de explotación propiamente dita (parcela 1040) e na beira oeste encontrase a zona das antigas instalacións (parcela 825) (...)”.

Coa expropiación solicitada conseguiríase que á explotación se accedese directamente polo Sur dende a estrada DP 0205, sen que sexa necesario o emprego doutro tipo de estradas ou pistas públicas, nin para o acceso nin para o desenvolvemento normal da actividade mineira.

Debe engadirse que o anterior titular da concesión de explotación, Camilo Carballal SL, a través da permuta realizada o 30/03/2006 pola Deputación da Coruña, contaba con este tramo de pista para o desenvolvemento normal dos traballos de aproveitamento. (...)

Como describe Toysal na súa solicitude de expropiación e como puido comprobar a enxeñeira de minas que asina o presente informe e recolle na acta asinada o 26/11/2020 da visita de inspección á concesión de explotación “Casalonga” nº 6996 realizada o 05/11/2020, na zona existe unha presión por parte de veciños, Policía Local e membros da corporación do Concello de Teo coa que resulta moi difícil realizar a actividade normal da explotación, podendo incluso chegar a darse algunha situación de risco para as persoas que libremente acceden pola pista para increpar aos traballadores da explotación ou, como ocorreu o 29/11/2019, para impedir a realización dunha voadura.

Ademais, dende que Toysal adquire a condición de titular da concesión de explotación, colocouse sinalización de limitación do peso a 4,5 t impedindo o acceso e circulación de maquinaria pesada, como a que é necesaria no funcionamento dunha explotación mineira.

Esta problemática xurdida pola falta de dispoñibilidade do tramo de pista xa deu lugar a que o 16/03/2021 o xefe territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, resolvese autorizar a suspensión temporal de labores polo prazo de 6 meses na concesión de explotación “Casalonga” nº 6996 pola imposibilidade de garantir o acceso de maquinaria e traballadores á explotación en condicións de seguridade.”

**Novena.** Na tramitación do expediente cumpríuse o establecido no artigo 18 da LEF e no artigo 17 do RLEF no tocante á información pública e á notificación individual da relación do ben que se considera de necesaria expropiación.





**Décima.** Durante a información pública recíbense na Xefatura Territorial da Coruña alegacións do Concello de Teo, da Plataforma Casalonga Limpa de Residuos e de veciños de Teo a título individual.

As alegacións presentadas poden resumirse nos seguintes 6 puntos:

- 1º. Non existe representación xeorreferenciada da finca a expropiar.
- 2º. Non se aportan inscricións, nin no Rexistro da Propiedade nin no Catastro.
- 3º. O ben a expropiar, denominado Pista da Canteira, é de propiedade municipal pola concentración parcelaria de San Xoan de Calo.
- 4º. Falta de declaración de utilidade pública ou interese social e de xustificación da necesidade de ocupación.
- 5º. A expropiación deixaría sen servizo de paso aos propietarios das fincas restantes que acceden por esa pista.
- 6º. A expropiación deixaría aos veciños sen a principal vía de comunicación entre Casalonga e A Ramallosa.

O 23/02/2021 Toysal deu resposta detallada ás ditas alegacións, onde finalmente solicita que “se admita o escrito e documentación que acompaña á trámite, e na súa virtude, axilice na medida do posible a tramitación da expropiación daquela finca”, e ao que xunta, entre outros documentos, un Plano de febreiro de 2021 de “Límites do tramo sobre o que se solicita a expropiación parcelario”.

Analizadas as alegacións presentadas, concretamente o recollido nos puntos 1º e 3º do resumo das alegacións, a Xefatura Territorial da Coruña considerou necesario, ao abeiro do establecido no artigo 20 da LEF, e no artigo 19.1 c) do RLEF, solicitar informes a:

- O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Medio Rural sobre se efectivamente o tramo da pista do que se solicita a expropiación foi obxecto de concentración parcelaria e, en caso afirmativo, si se lle entregou ao Concello de Teo
- A Deputación Provincial da Coruña sobre se a representación planimétrica da finca a expropiar, que xunta Toysal na súa resposta ás alegacións presentadas durante o período de información pública coincide co tramo do antigo trazado da DP 0205 permutado no seu día a favor de Camilo Carballal S.L.

O 22/02/2021 o Servizo de Infraestruturas Agrarias informa que no plano de bases definitivo da concentración parcelaria de San Xoan de Calo II (Teo – A Coruña) aparece Camilo Carballal S.L. como propietario de dúas parcelas (a 28 de 188.130 m<sup>2</sup> e a 29 de 101.780 m<sup>2</sup>) e dun tramo da estrada da Casalonga a Ramallosa. Como resultado do proceso de concentración parcelaria atribuíronselle a este propietario as fincas 825 do polígono 8, 1040 e 1041 do polígono 10, e a estrada Casalonga a Ramallosa mantense tal e como constaba nos planos de bases definitivas.

O Servizo de Infraestruturas Agrarias indica expresamente no seu informe que “as estradas preexistentes manteñen a titularidade orixinaria, e neste caso, como se pode ver nos planos de concentración, a estrada de Casalonga a Ramallosa era preexistente ao proceso de concentración e se mantivo inalterada co proceso, sendo a titularidade da mesma o que a tivese con anterioridade ao proceso de concentración parcelaria”.

O 16/04/2021 a Deputación Provincial da Coruña indica que o tramo de pista obxecto de expropiación e representado no plano de febreiro de 2021 de “Límites do tramo sobre o que se





solicita a expropiación parcelario”, presentado por Toysal, sitúase fora da Rede de titularidade da Deputación, e polo tanto foi obxecto da permuta a Camilo Carballal S.L. aprobada na sesión plenaria ordinaria do 30/03/2006.

No mencionado Plano de febreiro de 2021 de “Límites do tramo sobre o que se solicita a expropiación parcelario”, presentado por Toysal e ao que prestou a súa conformidade a Deputación Provincial da Coruña, representase o tramo da pista a expropiar identificándoo mediante as catro seguintes coordenadas UTM ETRS89 uso 29:

Límites	X	Y	Límites	X	Y
<b>P1</b>	531.780,36	4.741.423,60	<b>P3</b>	532.231,44	4.739.649,38
<b>P2</b>	531.790,18	4.740.422,59	<b>P4</b>	532.226,71	4.739.642,19

Sobre a titularidade privada do tramo de pista obxecto de expropiación tamén se pronuncia o informe do 13/05/2021 da Área Xurídica da Xefatura Territorial da Coruña, do seguinte xeito:

“Non compete a ningún funcionario ou órgano administrativo pronunciarse sobre a propiedade, por ser materia reservada ao coñecemento exclusivo dos xulgados e tribunais da orde civil –sen prexuízo das potestades de autotutela do patrimonio e do dominio públicos, cuxo exercicio tamén está sometido a control xurisdiccional-

Iso con todo, é necesario bastantear e ás veces contrastar títulos opostos para exercer as competencias administrativas, exercicio que non pode verse condicionado ou obstruído por disputas sobre a propiedade cando está en xogo, ademais, a potestade de privar dela a calquera que sexa o propietario.

Baixo ditas premisas fanse as seguintes consideracións:

En principio, un “tramo de pista” sería de dominio público, e, neste caso, do relato do feitos contido na consulta dedúcese que o foi, de titularidade provincial, pero que xa non o é, por ser desafectado e alleado, segundo a certificación da Deputación do acordo plenario do 30 de marzo de 2006.

En consecuencia, a acta de recepción dos camiños de uso público e planos de situación dos camiños afectados, de data 14 de maio de 2008, alegada polo Concello nin lle atribúe nin podería atribuírle a titularidade do mencionado “tramo de pista”, cuxa vinculación co dominio público viario -provincial ou municipal- é meramente nominal e pretérita. Cando o Servizo de Infraestruturas Agrarias informa que «no plano de bases definitivo da concentración parcelaria aparece Camilo Carballal SL como propietario de ... un tramo dá estrada» é obvio que se refire a unha porción de chan que formou pero xa non forma parte da estrada provincial (DP 0205).

A citada certificación da Deputación provincial explica a orixe, a natureza e a causa da mutación: o antigo tramo de vía provincial deixou de selo non para converterse espontaneamente en camiño municipal, senón, previa desafectación, nunha propiedade atribuída a un particular como contraprestación nun contrato causal e oneroso apto para producir o devandito efecto ( aa 609 e 1538 do Código civil).

Ao devandito título opón o Concello de Teo unha “acta de recepción dos camiños de uso público e planos de situación dos camiños afectados de data 14 de maio de 2008” subscrita por un centro directivo desta Administración autonómica, da que o Concello non pode traer causa, pois non consta que o solo en disputa pertenceulle nunca en concepto algún (*nemo dat quod non habet*); cando, ademais, o Servizo de Infraestruturas Agrarias interviniente, requirido para que informe sobre o asunto, di que no plano de bases definitivo da concentración parcelaria consta “un tramo da estrada de Casalonga a Ramallosa” atribuído en





propiedade a un particular (xa se explicou ese *oxímoron*) e que a concentración non afectou á titularidade das estradas (propriadamente ditas) preexistentes, e tampouco á do toco amputado da DP 0205 obxecto da alegación municipal.

En consecuencia, entendo que esta Administración debe exercer as súas competencias, na medida do posible minimizando o embarazo da disputa pola titularidade do ben afectado.

Se o Concello reivindicou a título de propiedade -como pode inferirse dos termos da súa alegación «é de propiedade municipal»- e suscita o litixio consecuente, ou o fai o particular fronte á recuperación de oficio ou a actuación municipal de autotutela, bastará consignar o prezo xusto en favor de quen resulte adxudicatario xudicial da leira. En tanto dita controversia non se substancie nos tribunais, á vista dos datos en presenza, o razoable é ter por propietario ao particular que o parece, e actuar en consecuencia.

Distinto sería que o Concello pretendese “subir a súa aposta” -expresión que non me parece inadecuada no presente caso- invocando o carácter demanial do chan obxecto da súa alegación, porque o dominio público, en tanto o sexa, non pode ser expropiado -sería precisa a súa desafectación previa-. Agora ben, a condición de demanial dun ben non é caprichosa nin subxectiva en absoluto. Como de momento non nos atopamos ante esta hipótese, cabe interpretar a alegación municipal como unha mera tercería de dominio, e nin sequera debidamente fundamentada, polo que, se procede, debe expropiarse, tendo por propietario ao particular que de xeito evidente o parece.

Se cambiase esta circunstancia -se no curso do procedemento o Concello se persoase como titular demanial- iso sería obxecto doutro informe, á vista dos documentos, títulos e certificación dos que, de momento, non se ten constancia.”

No tocante ao recollido nos puntos 2º, 4º, 5º e 6º do resumo das alegacións, e tal e como se argumenta no informe emitido o 06/05/2021 por persoal dos servizos técnicos da Xefatura Territorial da Coruña, cómpre salientar o seguinte:

En canto ao punto 2º do resumo das alegacións, debe terse en conta que o artigo 3 da LEF establece que “Salvo proba en contrario, a Administración expropiadora considerará propietario ou titular a quen con este carácter conste en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade, que só pode ser destruída xudicialmente, ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistro fiscais, ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente”, logo para acreditar a titularidade non é requisito indispensable a inscrición nun rexistro. Neste caso o propio xuíz do mercantil nº 2 da Coruña, encargado do procedemento concursal de Camilo Carballal, S.L. anterior titular do dereito mineiro, indica que segundo contrato de compra venda do 20/07/2007 a finca descrita como “terreno entre los puntos kilométricos 6,480 a 7,660 de la E.P 0205 de Bertamiráns a la Ramallosa, como consecuencia del cambio de trazado de las obras de la E.P 0205 de Bertarmiráns. Variante Cantera código 02.1110.0007.0. Tramo que tiene una extensión de 10.544 m<sup>2</sup>” pertence a Manuel Carballal Pazos.

En canto ao punto 4º do resumo das alegacións sobre falta de declaración de utilidade pública ou interese social e de xustificación da necesidade de ocupación, nas consideracións legais e técnicas sexta e oitava desta resolución dáse resposta ás ditas cuestións.

Sobre os puntos 5º e 6º do resumo das alegacións, no Plano de febreiro de 2021 de “Límites do tramo sobre o que se solicita a expropiación parcelario” pode apreciarse que ningunha parcela quedaría sen acceso, dado que a elas accederíase a través dos tramos da pista que son de titularidade pública e non son obxecto de expropiación. Igualmente, tamén se aprecia neste plano que existen outras pistas e estradas que poden ser empregadas polos veciños para desprazarse de Casalonga á Ramallosa.





No dito informe do 06/05/2021 recóllese unha ortofoto na que aparecen os lugares e estradas da zona, onde pode apreciarse que para a comunicación da Ramallosa con Casalonga non é necesario o tramo de pista obxecto de expropiación.

Polo que, compre por de relevo que as persoas que alegan que a expropiación deixaría sen servizo de paso aos propietarios das fincas restantes que acceden por esa pista, non identifican ningunha parcela concreta que resultase afectada, tampouco acreditan ser titulares de parcelas afectadas e polo tanto non motivan que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens como establece o artigo 19 da LEF.

**Undécima.** Así mesmo, compre salientar que o informe xurídico previo a resolución sobre a necesidade de ocupación, requirido polo artigo 19 do RLEF, e que foi emitido o 05/07/2021 polo asesor xurídico de Enerxía, Recursos Naturais, Comercio e Consumo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, conclúe “que se respectou o procedemento establecido no Decreto de 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa”.

Por todo o anterior, vista a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería, a Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, o seu Regulamento, do 26 de abril de 1957 e demais normativa de aplicación,

## RESOLVO

1. Declarar a concreta necesidade de ocupación do ben que se describe a continuación a favor de Toca y Salgado S.L. (Toysal) como titular da concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996, necesario para o desenvolvemento dos traballos de aproveitamento en condicións de seguridade, da forma lóxica, menos molesta e mais directa.

- Franxa do antigo trazado da DP 0205 de Bertamiráns á Ramallosa, situada no termo municipal de Teo, que foi desafectada e permutada pola Deputación Provincial da Coruña á mercantil Camilo Carballal S.L. por acordo plenario do 30 de marzo de 2006, segundo a representación do plano de febreiro de 2021 de “Límites do tramo sobre o que se solicita a expropiación parcelario”, cuxo actual titular é Manuel Carballal Pazos por contrato de compra venda do 20/07/2007.

2. Publicar a presente resolución de declaración da concreta necesidade de ocupación, que inicia o trámite expropiatorio pola vía ordinaria, en igual forma que a prevista no artigo 18 da Lei de expropiación forzosa, notificar esta ás persoas interesadas no procedemento expropiatorio, e así mesmo, de conformidade con artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas dar unha resposta razoada aquelas persoas que tivesen comparecido no trámite de información pública.

3. O interesado para os efectos do artigo 20 da Lei de expropiación forzosa co que se entenderán os sucesivos trámites é Manuel Carballal Pazos, segundo a definición dos artigos 3 e 4 da dita Lei.





Contra esta resolución, que é definitiva na vía administrativa, poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a. Recurso potestativo de reposición, ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.
- b. Recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Santiago de Compostela,

O vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación  
P.D. (Orde do 24/06/2021, DOG nº 127 do 06/07/2021)  
A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais  
(asinado electronicamente)

Paula Uría Traba

